



#POLAFAMILIA

Subsidio litúrxico cada martes para a celebración da Eucaristía

DELEGACIÓN DE PASTORAL FAMILIAR DA DIOCESE DE LUGO

SANTOS ANDRÉS DUNG-LAC E COMPAÑEIROS, MÁRTIRES

MONICIÓN DE ENTRADA

Ó conmemorar hoxe a San Andrés Dung-Lac e os seus compañeiros mártires, que trataron de levar o Evanxéio ao Vietnam, queremos presentarlle ó Señor a todas aquelas familias que recibiron unha chamada especial: ser misioneiros. Moitas familias da nosa Igrexa atópanse agora mesmo en países onde aínda non é coñecido Cristo. Que o Señor os bendiga nesta fermosa tarefa.

ORACIÓN DE LOS FIELES

Oremos a Deus Pai.

- Pola Igrexa: para que sexa testemuña no mundo da salvación que Deus ofrece a tódolos homes e mulleres. **Roguemos ao Señor.**
- Por aquelas familias que se atopan en terras de misión: que o seu fruto apostólico e evangelizador os faga crecer no amor como igrexa doméstica. **Roguemos ao Señor.**
- Por todos aqueles que aínda non coñecen a Cristo: que poidan chegar pronto a eles a fe Naquel que nos regalou a vida eterna. **Roguemos ao Señor.**
- Por nós: que seguindo exemplo de Andrés e os seus compañeiros saibamos falar de Cristo coa nosa vida ós demais. **Roguemos ao Señor.**

Escoita, Señor, as súplicas que che presenta o teu pobo. Por Cristo, noso Señor.

ACCIÓN DE GRACIAS

Grazas, Señor, por todos aqueles que o deixaron todo por seguirte, especialmente as familias que foron chamadas a ser testemuñas da túa fe en outro sitio. Que a súa renuncia se vexa recompensada polo seu inefable amor e a súa entrega sexa acollida con cariño polas comunidades ás cales acuden.